

Expediente nº 10399/2020**Asunto: anulación do procedemento de licitación da contratación do servizo DE AXUDA NO FOGAR/DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS. PROCEDIMENTO ABERTO, CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.****RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

1) Por acordo plenario de 26.01.2021 aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como o expediente de contratación, mediante procedemento aberto para “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR/DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS (SAF)”. O anuncio de licitación e pregos publicáronse, respectivamente, o 4 e 5 de febreiro de 2021 na Plataforma de Contratación do Sector Público. O prazo de presentación de ofertas remata o 09.03.2021.

2) O 22 de febreiro de 2021 ás 13:13 horas, D. José María Hernández de Andrés, en nome e representación da ASOCIACIÓN ESTATAL DE ENTIDADES DE SERVICIOS DE ATENCIÓN A DOMICILIO (ASADE) con C.I.F. nº G83040659, interpuxo recurso especial de contratación contra o criterio de adxudicación de “BOLSA DE HORAS”, alegando vulneración dos principios xerais da contratación administrativa de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade; o que leva incorrer nun vicio de nulidade de pleno dereito (Artigo 47.1. a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por infracción do principio de igualdade (Artigo 14 CE), sendo preciso ante iso, declarar a nulidade do devandito CRITERIO (MELLORA), e en consecuencia, tamén o proceso de licitación.

En síntese, alega a recorrente que tanto no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) así como na memoria xustificativa e de necesidade para a contratación do servizo licitado, o criterio de adxudicación recollido no punto B.3.5. (bolsa de horas gratuítas) é unha mellora indefinida e indeterminada que pode dar lugar a que o órgano de contratación as utilice para cuestións alleas ao obxecto do contrato; e en segundo termo, e dada a falta de determinación e limitación da mesma, podería dar lugar á presentación de ofertas de imposible cumprimento, o que podería á súa vez distorsionar o resultado da licitación e incumplir o carácter oneroso dos contratos administrativos, evidenciando unha incorrecta plasmación do prezo, debido á falta de concreción e precisión do criterio. Solicita:

- retrotraer o expediente de contratación ao momento inmediatamente anterior á aprobación dos PREGOS da licitación, rectificar estes, e aprobar outros ou ben realizar a oportuna corrección dos PREGOS (se iso fose



posible, sen ser considerado modificación substancial), e sinálese novo prazo para a presentación das ofertas, con todo o demais que sexa procedente en Dereito.

- Que se acorde como medida cautelar a suspensión da tramitación do procedemento de contratación ata a súa resolución, con suspensión tamén do prazo para a presentación das ofertas ou proposicións polos interesados (artigo 49.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público). Iso dado que o obxecto do presente RECURSO son os PREGOS reitores do contrato licitado, e a súa eventual estimación supoñería a obrigação de redactar uns novos PREGOS coas modificacións pertinentes, a súa debida aprobación polo Órgano de Contratación, e unha nova publicación e apertura do prazo para presentar proposicións.

3) Trala remisión do expediente administrativo xunto co informe da unidade tramitadora do expediente, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante TACGal) ditou resolución n.º 52/2021 de 5 de marzo de 2021 (recurso n.º 50/2021) estimando o recurso interposto pola ASOCIACIÓN ESTATAL DE ENTIDADES DE SERVICIOS DE ATENCIÓN A DOMICILIO (ASADE) contra os pregos da contratación do servizo de axuda no fogar, expediente 10399/2020 do Concello de Ponteareas, con anulación do procedemento de adxudicación.

Considerando que o artigo 57.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP) indica que a estimación do recurso que conleve anulación de cláusulas ou condicións dos pregos determinará a anulación dos actos do expediente de contratación relacionados coa súa aprobación; e o artigo 59 dispón que a resolución do TACGal é directamente executiva.

Considerando o informe de secretaría n.º 18/2021 de data 5 de marzo de 2021 que conclúe que unha impugnación da resolución do TACGal en vía contencioso administrativa, ten poucas opcións de prosperar; e a execución da resolución do TACGal debería facerse canto antes por estar aberto ata a vindeira semana o prazo de presentación de ofertas.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e art. 21.1 k) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Non interpoñer recurso contencioso administrativo contra a resolución do TACGal n.º 52/2021 de 5 de marzo de 2021 (recurso n.º 50/2021) e executar a mesma, anulando o procedemento aberto para a contratación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR/DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS (SAF)” (expediente n.º 10399/2020).



SEGUNDO. Que se publique na Plataforma de Contratación do Sector Público a resolución do TACGal n.º 52/2021 de 5 de marzo de 2021 (recurso n.º 50/2021), que é directamente executiva no seus propios termos, definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 59 da LCSP 9/2017.

TERCEIRO. Que se notifique este acordo a ASADE e se publique na Plataforma de Contratación do Sector Público.

CUARTO. En cumprimento do artigo 57.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dar traslado desta resolución ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal).

QUINTO. De conformidade co art. 21.1 k) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, darase conta o pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.

O alcalde,

Por substitución, a primeira tenente de alcalde

Cristina Fernández Davila
(Segundo o Decreto nº 2020/3135 do 9 de decembro de 2020)

Documento asinado dixitalmente